



### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

##### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

Marcos Claro Veiga solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.66061.

As obras solicitadas consisten na execución da rehabilitación dunha vivenda con referencia catastral 002202700PJ22D0001JA, na zona de policía do río Ferreira, no lugar do Reirado, na parroquia de San Pedro de Mor, no concello de Alfoz (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Alfoz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 24 de outubro de 2019, A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 3232

### CONCELLOS

#### MONFORTE DE LEMOS

##### *Anuncio*

#### APROBACION PADRÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLAS DEPORTIVAS - 1ªFRACCION CURSO 2019/2020 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 21.10.2019 aprobouse o padrón da taxa pola prestación do servizo de escolas deportivas- 1ª fracción curso 2019/2020

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 24.10.2019 ata o 24.12.2019.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaránse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 23 de outubro de 2019.- O alcalde-presidente, José Tomé Roca.

R. 3233

### *Anuncio*

#### **APROBACION PADRÓNS TAXA POLO ABASTACEMENTO DE AUGA , TAXA REDE DE SUMIDOIROS e canon auga SETEMBRO-OUTUBRO 2019 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 21.10.2019 aprobáronse os padróns da Taxa polo abastecemento de auga, a Taxa de rede sumidoiros e Canon de auga do quinto bimestre 2019 (SETEMBRO- OUTUBRO).

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, a contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns da Taxa polo abastecemento de auga e Taxa pola Rede sumidoiros e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso -administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co artigo 49.7 do Decreto 136/2012 de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico -administrativa ante o órgano económico- administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende se entenda producida a notificación.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria , fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 31.10.2019 ata o 31.12.2019.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación,ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca en horario de atención ao público.
- 2) A través de caixeiros automáticos da devandita entidade financeira.
- 3) A través da páxina web [www.aqualia.es](http://www.aqualia.es).

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse os correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

A falta de pagamento en período voluntario do canon suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Monforte de Lemos, 23 de outubro de 2019.- O alcalde - presidente, José Tomé Roca.

R. 3234

### **PANTÓN**

#### *Anuncio*

-Téndose intentado a práctica da notificación sobre a instrución de expediente por inclusión indebida no Padrón de Habitantes de residentes no Concello, resultuando descoñecidos no seu enderezo.

-E a teor do disposto no apartado II capítulo 2 da Resolución do 01/04/97, da Presidenta do INE e Director Xeral de Cooperación Territorial, na que se dictan instrucións técnicas sobre xestión do Padrón Municipal de Habitantes, comunícaselle, a través do presente anuncio, que segundo a proposta de variación remitida polo INE, debe causar baixa por inclusión indebida no Padrón de Habitantes deste Concello.

| <b>NIA</b> | <b>Apelidos e nome</b>     | <b>ENDEREZO</b>                  |
|------------|----------------------------|----------------------------------|
| Y01152027V | SALMINEN VELI-MATTI ILMARI | OUTEIRO, 2-SANTIAGO DE CASTILLÓN |

|            |                                |                                      |
|------------|--------------------------------|--------------------------------------|
| X5024782H  | MARIE CHRISTINE HARLAND        | OUTEIRO, 6-VILAMELLE                 |
| X5024702R  | RICHARD HARLAND                | OUTEIRO, 6-VILAMELLE                 |
|            | PAULA CRISTINA MACHADO PEREIRA | REGUENGO, 1-SAN VICENTE DE CASTILLÓN |
| X08715117A | JANICE MARY COOK               | ARRIBADA, 13-SAN FIZ DE CANGAS       |
| X6172843B  | PETEER JHONS WEEDS             | VARGO, 8-SAN VICENTE DE CASTILLÓN    |
| X6172856R  | VERONICA MARY WEEDS            | VARGO, 8-SAN VICENTE DE CASTILLÓN    |
| X06056127C | BARBARA MARION STEPTOWE        | GOIAN, 20-FERREIRA                   |
| 50542627N  | ANGEL ALONSO MONTES            | OUTEIRO, 3-SANTA MARIA DE TOIRIZ     |

-Contra esta medida, as persoas afectadas, poderán presentar alegacións no prazo de 10 días contados a partir do seguinte á data da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, coa advertencia de que de non alegar no prazo indicado, o Concello proseguirá a tramitación da correspondente baixa por inclusión indebida no Padrón Municipal de Habitantes.

Pantón, 25 de setembro de 2019.- O Alcalde, Jose Luis Álvarez Blanco.

R. 3235

## QUIROGA

### *Anuncio*

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 31 de novembro de 2019, aprobou a convocatoria para a concesión de axudas á instalación de empresas no parque empresarial de Quiroga.

A convocatoria publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

### **CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS Á INSTALACIÓN DE EMPRESAS NO PARQUE EMPRESARIAL DE QUIROGA**

#### **Primeira.- obxecto da subvención**

É obxecto da presente convocatoria subvencionar a adquisición de solo industrial no Parque Empresarial de Quiroga.

#### **Segunda.- beneficiarios**

Poderán acollerse ás subvencións contempladas nesta convocatoria as empresas que adquiren solo industrial no Parque Empresarial do Concello de Quiroga.

#### **Terceira.- contía global**

A contía global máxima para este exercicio 2019 é de Dez mil euros (10.000,00 €). De ser superior o importe total solicitado polos interesados, repartirase esta cantidade de forma proporcional ao custe subvencionable de cada unha das solicitudes aprobadas.

#### **Cuarta.- contía máxima da subvención**

O importe da axuda a conceder determinarase tendo en conta que o prezo mínimo resultante por metro cadrado de parcela non poderá ser superior ao 50% do custe da mesma.

#### **Quinta.- solicitudes e documentación**

As solicitudes de subvención dirixiranse ó Alcalde do Concello de Quiroga, segundo modelo normalizado, debendo ir acompañadas, ó menos, da seguinte documentación:

#### **A.- Documentación administrativa.**

1. Documentación relativa á identificación da empresa solicitante:

##### **• Sociedades mercantís e cooperativas:**

- Escritura que conteña os estatutos vixentes, inscrita no rexistro correspondente.
- Escrituras nas que se reflecta a participación actual no capital social da empresa, inscritas no rexistro correspondente.
- Escrituras xustificativas do poder co que actúan as persoas asinantes da solicitude, inscritas no rexistro correspondente e D.N.I. das mesmas.
- C.I.F.

**• Sociedades civís e comunidades de bens:**

- Documento constitutivo e modificacións posteriores.
- C.I.F.
- D.N.I. de tódolos socios ou comuneiros.

**• Empresarios individuais:**

- D.N.I.
- N.I.F. do empresario.

**2. Información laboral e contable da empresa:**

- a) Copia compulsada da declaración do imposto de sociedades correspondente ó último exercicio vencido.
- b) No caso de empresarios individuais, copia compulsada dos balances e contas anuais, ou no seu caso copia da declaración do IRPF.
- c) Copia compulsada da alta e do último recibo do imposto de actividades económicas liquidado, no caso de solicitudes presentadas por empresas.

**3. Declaración responsable do solicitante ou representante legal relativa a tódalas axudas públicas que solicitase ou recibise para o mesmo proxecto.**

**4. Declaración do responsable do solicitante ou representante legal relativa a atoparse ó corrente das súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social, e de non ser debedor da Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia nin co Concello de Quiroga.**

**5. Ficheiro de acredores.**

**B.- Documentación técnica**

- Memoria que desenvolverá a actividade que vai desempeñar a empresa, número de empregados que se pretende contratar, volume de negocio, persoal, etc.

Con independencia da documentación sinalada, poderase requirir en todo momento a documentación ou información complementaria que en función das características do proxecto ou datos facilitados se estime necesaria.

**Sexta.- lugar de presentación de solicitudes**

As solicitudes de subvención presentaranse, acompañadas da documentación requirida, no rexistro do Concello de Quiroga, ou por calquera dos medios previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Os impresos de solicitude estarán a disposición dos interesados nas dependencias do Concello de Quiroga.

**Sétima.- prazo de presentación de solicitudes**

O prazo para a presentación de solicitudes de subvención a través do presente programa será de 30 días contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

**Oitava.- subsanación e mellora da solicitude**

Si do exame da documentación do expediente se comprobase que non reúne os requisitos necesarios ou non aporta a totalidade da documentación esixida, requirirase ó interesado para que nun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte á notificación, subsane a falta ou acompañe os documentos precisos.

**Novena.- criterios de valoración**

Para a valoración das solicitudes presentadas, a Comisión de Avaliación terá en conta os seguintes criterios reflectidos na Base 10ª das "*Bases Xerais para a concesión de subvencións para a instalación de empresas no Parque Empresarial de Quiroga*", aprobadas polo Pleno da Corporación e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do día 20 de xullo de 2019, e que están accesibles na sede electrónica do Concello a través do enlace:

[https://concellodequiroga.sedelectronica.es/?x=q\\*--AjYu8-2NsXcAU4KS\\*p3QkcPYHI5cN9IXKVoGweyrkN5bTvhypB-W7Shxj9xk1wgiZO7ezivgax7jzHthx7PjCjKDXQOGjgxjIKQ6dTIelxy1wTtxtGmXzu3dWM6mXDYH6Jyx81rs](https://concellodequiroga.sedelectronica.es/?x=q*--AjYu8-2NsXcAU4KS*p3QkcPYHI5cN9IXKVoGweyrkN5bTvhypB-W7Shxj9xk1wgiZO7ezivgax7jzHthx7PjCjKDXQOGjgxjIKQ6dTIelxy1wTtxtGmXzu3dWM6mXDYH6Jyx81rs)

**Décima.- resolución do procedemento**

A valoración das solicitudes e a resolución do procedemento levarase a cabo conforme o disposto nas referidas Bases Xerais.

A resolución establecerá, no seu caso, o importe da axuda aprobada, as condicións esixidas ó beneficiario e o prazo para o seu cumprimento.

O prazo máximo de resolución e notificación será de 6 meses, a contar dende que a solicitude e a totalidade da documentación esixida teña entrada no rexistro do Concello de Quiroga.

Unha vez notificada a resolución do órgano competente, os beneficiarios deberán presentar a documentación reflectida na Base 12ª das Bases Xerais.

#### **Undécima.- aboamento**

As subvencións concedidas libraranse dunha soa vez, polo Concello de Quiroga, unha vez xustificado o gasto, mediante a presentación da solicitude de aboamento e a documentación requirida ó efecto, e despois de estar realizado un 50% do proxecto ou o cerre perimetral da parcela.

As solicitudes de aboamento das axudas concedidas dirixiranse ó Sr. Alcalde do Concello de Quiroga, utilizando o modelo normalizado.

#### **Duodécimo.- obrigacións do beneficiario**

1. Destinar ineludiblemente o importe da mesma á adquisición de terreos no Parque Empresarial de Quiroga.
2. Sufragar, con cargo o seu propio presuposto, o resto de gastos precisos para a posta en funcionamento do proxecto subvencionado.
3. Aportar a documentación e os datos que en cada caso se consideren oportunos, ca finalidade de comprobar o cumprimento dos requisitos esixidos para o seu outorgamento e o destino da axuda á finalidade do proxecto aprobado.

#### **Décima terceira.- revogación e reintegro**

Procederá a revogación da subvención ou reintegro total ou parcial das cantidades percibidas, co interese legal que resulte de aplicación, dende o momento do abono da mesma, cando concorra algún dos supostos reflectidos na Base 16ª das Bases Xerais.

#### **Décima cuarta.- cesión de datos**

A presentación da solicitude da subvención implicará a aceptación da cesión de datos contados na mesma, así como os relativos á subvención no seu caso concedida que, a efectos de estatística, avaliación ou seguimento, se realice a favor doutras administracións públicas.

#### **Décima novena.- réxime xurídico**

A participación na convocatoria, a que se refiren as presentes bases, suporá a aceptación plena e sen reservas das mesmas.

No non previsto nestas bases estarase ó disposto na Lei 38/2003 do 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencións e na da Lei 9/2007 do 13 de xuño, Lei de subvencións de Galicia, polas que se regula o réxime xeral de concesión de subvencións.

**Vixésima.-** A convocatoria para a solicitude de axudas estará sempre sometida á condición suspensiva da existencia de crédito orzamentario abondo.

En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito algún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

Quiroga, 31 de novembro de 2019.- O ALCALDE, Julio Álvarez Núñez-

R. 3297

---

O SAVIÑO

*Anuncio*

**BASES QUE REXERAN A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE UN (1) POSTO DE TRABALLO DE CHOFER DE TRACTOR DESBROZADORA, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO COS CONCELLOS 2019 (PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO).**

#### **PRIMEIRO. Normas Xerais**

O obxecto das presentes bases é a provisión, mediante concurso de un posto de chofer de tractor desbrozadora, en réxime laboral. O persoal encargado do manexo do tractor desbrozadora de brazo hidráulico realizará labores tratamento silvícolas de carácter preventivo e de xeito mecanizado en áreas cortalumes, vías, camiños e pistas forestais de titularidade municipal e nas súas faixas de xestión de biomasa ou en superficies sobre as que o concello teña a cesión de aproveitamento.

**SEGUNDO. Modalidade do Contrato**

A modalidade do contrato será laboral temporal cunha duración de seis meses, a xornada completa, ao abeiro do disposto na normativa vixente, iniciándose a prestación dende a data da sinatura do contrato.

**TERCEIRO. Condicións de Admisión de Aspirantes**

Para formar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro:

- a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- c) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas para o desempeño do traballo ao que se opta acreditándose a mesma mediante certificado médico.
- d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Estar en posesión de certificado de escolaridade ou titulación equivalente, ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente.
- f) Estar en posesión do carnet de conducir tipo B
- g) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de Celga 3 (ou o curso de iniciación, nos termos establecidos na disposición adicional 1ª da Orde de 16 de xullo de 2007). Se non se pode acreditar este requisito poderase acceder igualmente ao proceso selectivo pero será necesario superar unha proba de lingua galega nos termos establecidos na cláusula sétima
- H) Deberán atoparse en situación de desemprego ou de mellora de emprego para os casos que a xornada de traballo sexa igual ou inferior ao 50% da xornada.

**CUARTO. Forma e Prazo de Presentación de Instancias**

As solicitudes requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais, para a praza que se opte dirixiranse ao Sr. Alcalde- Presidente do Concello de O Saviñao, presentaranse no Rexistro Xeneral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **sete días naturais** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As bases das probas selectivas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A solicitude deberá ir acompañada por:

- ✓ Solicitude de participación do Anexo I das bases.
- ✓ Fotocopia do NIF ou, no seu caso, pasaporte.
- ✓ Carnet de conducir tipo B
- ✓ Certificado de escolaridade ou titulación equivalente.
- ✓ Celga 2
- ✓ Tarxeta de demandante de emprego
- ✓ Documentación acreditativa dos méritos que se aleguen a efectos de valoración na fase de concurso.

**QUINTO. Admisión de Aspirantes**

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo de cinco días naturais, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello, sinalarase un prazo de dous días hábiles para enmenda. De non existir

solicitudes de participación excluídas, a lista presentada ao remate do prazo de presentación de instancias, terá carácter definitivo.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo de 3 días dende a finalización do prazo para presentación. Transcorrido devandito prazo sen que se ditara resolución algunha, as alegacións entenderanse desestimadas.

Transcorrido o prazo de emenda pola Alcaldía, aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello.

#### **SEXO. Tribunal Cualificador**

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse ésta en representación ou por conta de ninguén.

Os Tribunais cualificadores estarán constituídos por:

- Presidente.
- Secretario [o da Corporación ou membro da mesma en quen delegue].
- Vogais que determine a convocatoria

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

#### **SÉTIMO. Sistemas de Selección e Desenvolvemento dos Procesos**

##### **PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN**

O procedemento de selección dos aspirantes será o concurso- oposición.

##### **--FASE DE CONCURSO:**

Só aos aspirantes que superen a oposición valoraráselles na fase de concurso os méritos que aleguen e xustifiquen documentalmente e que serán:

##### **Méritos computables:**

###### **a) Experiencia:**

1.- Experiencia profesional en postos de traballo de condutor de tractor desbrozadora. **Ata un máximo de 3 puntos**

— Por cada mes completo de servizos prestados nunha Administración Pública no posto de condutor tractor desbrozadora: 0,20 puntos.

— Por cada mes completo de servizos prestados en empresas privadas no posto de condutor tractor desbrozadora mediante relación laboral: 0,10 puntos.

No se terán en conta á hora de efectuar a valoración os períodos inferiores ao mes de servizo.

Os méritos alegados acreditaranse mediante certificación expedida pola Administración onde se prestaron os servizos ou mediante informe da vida laboral ao que se lle deberán xuntar os oportunos contratos. Na dita documentación deberá quedar acreditado a equivalencia entre os postos desempeñados cos da presente convocatoria.

###### **b) Formación:**

1- Cursos de formación sobre materias directamente relacionadas co posto de traballo, impartidos por Administracións Públicas, Organismos Oficiais dependentes de calquera das administracións públicas ou homologados por estas . **Ata un máximo de 1 punto**, de acordo coa seguinte escala :

- a) Por cada curso de ata 30 horas : 0,20 puntos .
- b) Por cada curso de ata 31 a 100 horas lectivas : 0,30 puntos .
- c) Por cada curso de 101 a 200 horas lectivas : 0,50 puntos .
- d) Por cada curso de máis de 200 horas lectivas : 0,75 puntos .

Os méritos alegados neste apartado acreditaranse mediante a presentación do orixinal ou copia compulsada do título ou certificado de realización de cada curso, no que deberá constar expresamente o número de horas do curso e un resumo das materias impartidas .

**d) Entrevista curricular. Ata un máximo de 2 puntos .**

**--FASE DE OPOSICIÓN**

Ata un **máximo de 6 puntos**.

Exercicio escrito: Consistirá en contestar por escrito un exame tipo test de 10 preguntas nun tempo máximo de media hora, proposto polo tribunal relacionados co programa recollido no anexo I. Será preciso acadar 3 puntos para superar esta proba.

Proba de galego: será obrigatorio a superación dun segundo exercizo oral, proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do Celga 2.

**OITAVO. Relación de Aprobados, Presentación de Documentos e Formalización do Contrato**

Concluídas as probas, elevarase ao órgano competente proposta de candidatos para a formalización dos contratos, que en ningún caso poderá exceder do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

Si se producise algunha vacante nos postos ofertados durante a vixencia dos contratos, serán chamados por orde de puntuación.

Os aspirantes propostos achegarán no prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir da publicación da lista de aprobados, os documentos seguintes :

- Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.
- Certificado médico oficial.
- Certificado de titularidade da conta bancaria
- Fotocopia da tarxeta da seguridade social .

**NOVENO. Incidencias**

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso- administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Lugo, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no Boletín Oficial de Galicia (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa).

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE**

**ANEXO I**

Tema 1. Concello de O Saviñao. Termo municipal. Poboación. Datos de interese do municipio. Distribución xeográfica e parroquial.

Tema 2.- Desbroce en pistas e camiños. Materiais e ferramentas e empregar.

Tema 3.- Normas específicas de circulación para vehículos especiais agrícolas: posición na estrada, parada e estacionamento, límites de velocidade, sinais nos vehículos especiais agrícolas, masas e dimensións máximas, masas remolcables, a carga e sinalización.

Tema 4.- Especial referencia ós tractores. Tipos de sistemas de refrixeración, lubricación e engraxe, tipos de mantemento segundo tempos de traballo, regulación de eixes, freos e rodas, fusibles, lámpadas e batería.

Tema 5.- Normas de uso do tractor: arranque e parada do motor, comprobacións antes e despois da súa utilización, caixa de velocidades e grupo reductor, toma de forza, o bloqueo de diferencial, a tracción dianteira e traseira, regulación das vías dianteiras e traseiras, o lastrado, enganche de tres puntos, elevador hidráulico, distribuidores suplementarios, dispositivos de tiro, rodas e neumáticos.



**ANEXO II**

CONCELLO DO SAVIÑAO

I.- DATOS DA PRAZA Á QUE ME PRESENTO:

- ✓ DENOMINACIÓN: CHÓFER TRACTOR DESBROZADORA
- ✓ RÉXIME XURÍDICO: PERSOAL LABORAL TEMPORAL

II.- DATOS PERSOAIS.

Nome e apelidos:

Dni:

Teléfono:

Domicilio a efectos de notificacións:

Municipio:

Provincia:

Código postal:

III.- MANIFESTO: que coñezo a convocatoria para cubrir de forma temporal unha praza de chofer tractor desbrozadora.

IV.- DECLARO: que acepto as bases e que son certos os datos consignados na presente instancia de solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

V.- SOLICITO: Teña por presentada a presente instancia de solicitude dentro do prazo conferido ao efecto e sexa admitido a fin de participar no proceso selectivo de concurso- oposición para a provisión de dito posto, para o que presento e asino a presente solicitude.

O Saviñao,.... de..... de 2019.

(Asinado)

Xúntanse os seguintes documentos:

- 1.....
- 2.....
- 3.....
- 4.....

## XERMADE

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES DEPORTIVAS E USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE XERMADE**

Non presentándose alegacións no prazo de exposición pública, enténdese definitivamente aprobada a derogación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por actividades deportivas e uso de instalacións deportivas de titularidade municipal do Concello de Xermade, e a aprobación do novo texto da ordenanza, publicándose o seu texto íntegro, en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do abril, facendo constar que contra a aprobación definitiva da ordenanza poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir da data de publicación das mesmas no Boletín Oficial da Provincia.

#### **“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES DEPORTIVAS E USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE XERMADE**

##### Artigo 1º.- Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este concello establece a “taxa por actividades deportivas organizadas polo Concello de Xermade e uso de instalacións deportivas de titularidade municipal”, que se rexerán pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado Real Decreto.

##### Artigo 2º.- Feito imponible

Constitúe o feito da taxa o uso das instalacións deportivas de titularidade municipal, así como a prestación de servizos a través das escolas deportivas municipais e outras actividades deportivas organizadas polo Concello de Xermade.

##### Artigo 3º.- Devengo

O período impositivo no caso das escolas deportivas municipais coincidirá co período de desenvolvemento da escola deportiva, correspondente ao período de disfrute da mesma, e o devengo terá lugar o primeiro día do período impositivo. A cota será anual.

No caso das actividades deportivas organizadas e cofinanciadas polo Concello, o devengo da taxa lévase a cabo dende que se inicia a prestación do servizo. Enténdese que se inicia a prestación do servizo, ao mesmo tempo que se presenta a solicitude correspondente ou inscrición na actividade.

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír dende que se solicita a prestación dos servizos regulados nesta Ordenanza. Nos supostos de uso das instalacións, devengarase a taxa no momento da presentación de solicitude expresa.

##### Artigo 4º.- Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que se beneficien dos servizos polos que deben satisfacerse as taxas.

##### Artigo 5º.- Responsables

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

##### Artigo 6º.- Cota tributaria.

Aos efectos de determinar a cota tributaria, serán de aplicación as seguintes tarifas:

6.1.- A contía da taxa polas Escolas Deportivas Municipais é de 30 euros anuais en concepto de cota de inscrición individual (matrícula), máis 10 euros anuais por actividade.

6.2.- Uso de instalacións deportivas de titularidade municipal:

a) Utilización para espectáculos ou actos extradeportivos, con cobramento de entrada: 100,00 euros, cun máximo de 12 horas.

##### Artigo 7º.- Exencións e bonificacións

7.1.- De conformidade co disposto no artigo 9 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, non se recoñece beneficio tributario algún, agás os que sexan consecuencia do establecido nos tratados ou acordos

internacionais, ou os previstos expresamente en normas con rango de lei, así como os establecidos nesta ordenanza.

7.2.- Non obstante, tendo en conta a existencia de razóns sociais, benéficas, culturais e de interese público que así o aconsellen, establécense as seguintes exencións e bonificacións:

a) Unha bonificación do 50% da taxa a partires do segundo membro da mesma unidade familiar.

b) En casos moi excepcionais, por resolución da Alcaldía, previo informe dos servicios sociais en que se acredite que concorren circunstancias especiais e a proposta da concellaría delegada de deportes, poderase acordar a bonificación total da taxa ou do 75% da mesma. Ditas circunstancias serán revisables cada curso, mediante emisión de informe do departamento de servicios sociais.

Artigo 9º.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigo 77 seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición final.

A presente ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación e entrará en vigor o día seguinte da súa publicación, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Disposición derogatoria.

Queda derogada a Ordenanza fiscal anterior, á que substitue a presente ordenanza fiscal. “

En Xermade, a 24 de outubro de 2019.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 3237

## ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

#### Anuncio

**SINESIO NOVO FERNANDEZ, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL Nº 2 DE LUGO,**

**HAGO SABER:** Que en el procedimiento de EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 106 /2019 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de D. DIVINO FOLGUEIRA BLANCO contra MARCOS MOREIRA SLU sobre DESPIDO, se ha dictado auto de fecha 17/10/2019, cuya parte dispositiva literalmente dice:

**“DISPONGO:** Declarar extinguida la relación laboral que unía a **D. DIVINO FOLGUEIRA BLANCO** con la empresa **MARCOS MOREIRA SLU**, condenando a ésta a que abone al trabajador la cantidad de **1.842,99 euros** en concepto de indemnización, más la de **15.414,14 euros** en concepto de salarios de tramitación, a razón de **47,87 euros diarios**.

*Notifíquese a las partes.*

**MODO DE IMPUGNACIÓN:** Mediante recurso de reposición a interponer ante este órgano judicial, en el plazo de los **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación con expresión de la infracción cometida en la resolución a juicio del recurrente, sin que la interposición del recurso tenga efectos suspensivos con respecto a la resolución recurrida. Si el recurrente no tuviere la condición de trabajador o beneficiario del régimen público de seguridad social deberá consignar la cantidad de 25 euros, en concepto de depósito para recurrir, en la Cuenta de Consignaciones de este XDO. DO SOCIAL N. 2 abierta en la Cuenta de Depósitos y Consignaciones Judiciales abierta en la entidad BANCO SANTANDER, expediente número 2323000030010619. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades Locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.

*Así lo acuerda y firma SSª. Doy fe.”*

Y para que sirva de **NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA** a **MARCOS MOREIRA SLU**, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de Lugo.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o de decreto que ponga fin al procedimiento o resuelva un incidente, o cuando se trate de emplazamiento.

En LUGO, a veintidós de octubre de dos mil diecinueve.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 3238

## XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

### Anuncio

Dª MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, Letrada da Administración de Xustiza do Xulgado do Social nº 003 de LUGO, FAGO SABER:

Que no procedemento deste Xulgado do Social, seguidos a instancia de ESTEFANÍA REY GÓMEZ contra a empresa BAMBÚ 14 CB e SARAY GÓMEZ COCIÑA, sobre reclamación de cantidade, ditouse sentenza en data 17 de outubro de 2019, cuxa parte dispositiva se adxunta." **DECISIÓN.-1. Acollo a demanda formulada por Estefanía Rey Gómez contra BAMBÚ 14, CB e SARAY GÓMEZ COCIÑA polo que condeno a BAMBÚ 14, CB e SARAY GÓMEZ COCIÑA ao pagamento solidario a Estefanía Rey Gómez da cantidade de:609,74 euros brutos sobre os que se devengarán os xuros ordinarios.-1467,5 euros brutos sobre os que se devengarán os xuros do 10 por cento.-2. As devanditas cantidades serán aboadas polo FOGASA de conformidade cos requisitos legais e regulamentarios que, no seu caso procedan.-3. As custas do procedemento (que incluírán os honorarios do/a letrado/a graduado/a social da parte actora ata o máximo de 600 euros) serán aboadas por SARAY GÓMEZ COCIÑA e BAMBÚ 14, CB.-Esta resolución seralles notificada ás partes, indicándoselles que é firme.-Así o acordo, decido e asino.-DALILA DOPAZO BLANCO, maxistrada do Xulgado do Social núm. 3 de Lugo.-Rubricado"**

E para que sirva de notificación en legal forma a **BAMBÚ 14 CB e SARAY GÓMEZ COCIÑA**, en ignorado paradoiro, expido a presente para a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Advírtese ao destinatario que as seguintes comunicacións faranse fixando copia da resolución ou da cédula no taboleiro de anuncios da Oficina xudicial, salvo o suposto da comunicación das resolucións que deban revestir forma de auto ou sentenza, ou cando se trate de emprazamento.

En LUGO, a vinte e dous de outubro de dous mil dezanove.- **A LETRADA DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.**

R. 3239

## MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

### CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

### Anuncio

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/30344

El Ayuntamiento de A Pastoriza solicita la concesión de aprovechamiento de 0,04 l/s de agua procedente de los manantiales Estivo 1 y 2 sitios en la parcela catastral 24 del polígono 2, en el lugar de Miñotelo, parroquia de A Guarda (San Martiño), en el término municipal de A Pastoriza (Lugo) para extinción de incendios y usos ganaderos.

La captación se realiza de dos manantiales. Las aguas se captan mediante dos tubos porosos por los que circulan hasta la arqueta de reunión, desde donde son conducidas por tubería de PE hasta la balsa.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de **TREINTA DÍAS**, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de A Pastoriza**, o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, donde estará de manifiesto el expediente.

Lugo, 22 de octubre de 2019.- **EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.**

R. 3240

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA****A/27/30343**

El Ayuntamiento de A Pastoriza solicita la concesión de un aprovechamiento de 0,04 l/s de agua procedente del manantial Barreira sito en la parcela catastral 81 del polígono 14, en el lugar de Fitoiro, parroquia de Bretoña (Santa María), en el término municipal de A Pastoriza (Lugo) para extinción de incendios y usos ganaderos.

La captación se realiza de un manantial. Las aguas se captan mediante un tubo poroso por el que circulan hasta la arqueta de reunión, desde donde son conducidas por tubería de PE hasta la balsa.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de **TREINTA DÍAS**, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de A Pastoriza**, o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, donde estará de manifiesto el expediente.

Lugo, 22 de octubre de 2019.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López

R. 3241

*Anuncio***A/27/29970**

En esta Confederación Hidrográfica se ha formulado la siguiente petición:

**ANUNCIO DE COMPETENCIA DE PETICIONES**

**NOMBRE DEL PETICIONARIO:** Quinta Sacra, S.L.

**TIPO DE AUTORIZACIÓN:** Instalación de un pantalán en cauce público.

**CORRIENTE EN LA QUE SE UBICARÁN LAS OBRAS:** Río Miño

**COORDENADAS UTM ETRS89 HUSO 29:** X= 604.493, Y= 4.713.740

**TÉRMINO MUNICIPAL EN QUE RADICAN LAS OBRAS:** Chantada (Lugo)

De conformidad con el Artº. 75.c del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril y según lo dispuesto en el Artº. 105 de dicho Reglamento se abre el plazo de **UN MES**, a contar desde la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, para que el peticionario presente en esta Confederación Hidrográfica su petición concreta y el proyecto debidamente precintado, conforme a las prescripciones del Artº. 106 de dicho texto, admitiéndose también, durante este plazo, otras peticiones que tengan el mismo objeto que aquella o sean incompatibles con la misma.

El desprecintado de los documentos técnicos, a que se refiere el Artº. 107 del citado Reglamento, se realizará en las Oficinas de la Comisaría de Aguas de esta Confederación Hidrográfica, (Ronda da Muralla nº 131 - Lugo), a las **TRECE (13) HORAS** del primer día hábil después de los seis días de la conclusión del plazo de presentación de peticiones.

Del pago de este anuncio responde el peticionario.

Lugo, 22 de octubre de 2019.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López

R. 3242

**FE DE ERRATAS:** O anuncio publicado o 31 de outubro de 2019 da Excm. Deputación Provincial de Lugo da ÁREA DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS. SERVIZO DE ASISTENCIA XURÍDICA, TÉCNICA E ECONÓMICA AOS CONCELLOS co nº de rexistro 3254 e Nº BOP 250 queda anulado a todos os seus efectos, publicándose o mesmo íntegramente o 18 de outubro de 2019 Nº BOP 264.

Lugo, 31 de outubro de 2019.